

Valoración da folga

Na nómina de outubro van descontarnos o día de folga aos traballadores e traballadoras que a fixemos; un momento pouco grato que nos esixe unha reflexión sobre o sentido e o alcance desta xornada de protesta.

A folga, que foi maioritaria na industria e o transporte, tivo diferentes resultados nos servizos e escasos naqueles sectores onde o traballo precario é a norma e a arbitrariedade empresarial unha constante. No conxunto da banca podemos falar dunha participación do 20%, mentres que en Banco de Sabadell o seguimento foi escaso (o 5%, segundo RR HH). Múltiples son as causas que xustifican este baixo seguimento na nosa empresa, que pasan pola indecisión dalgúns, a percepción de inutilidade doutros, o temor de moitos e a aberta oposición dos menos.

Aínda que non entraremos a valorar estas actitudes (cadaquén é dono das súas decisións e todas elas producíronse no marco do absoluto respecto por parte desta representación sindical, malia o que algún pseudosindicato, falseando a realidade, poida manifestar), si nos gustaría recoller o que, ao noso xuízo, foi un sentir maioritario das persoas coas que realizamos asembleas e reunións e que, alén da súa participación ou non na folga, nos manifestaron o seu malestar e indignación por unha lei que foi amplamente percibida como inxusta, inoportuna e dolorosa para o conxunto dos traballadores deste país. Unha lei que, lonxe de converterse nunha oportunidade para erradicar o

emprego precario e marxinal, do que todos coñecemos algún caso no noso medio, constitúese nunha auténtica ameaza contra o pouco emprego estable e de calidade que aínda existe no mercado laboral español.

Aínda é pronto para avaliar os efectos da folga, que precisarán de percorrido no tempo para se manifestar. Pero do que si estamos convencidos é de que o noso xesto, unido ao de moitos outros, non será inútil. Ese esforzo, que se vai medir en forma de desconto na nómina de outubro, terá efectos positivos, tanto sobre o desenvolvemento da reforma como sobre as leis futuras que nos ameazan. Xa os tivo en termos de calidade democrática, en termos de abrir vías que nos permitan manifestar, en voz ben alta, aquilo que nos preocupa, que nos angustia, que percibimos como unha ameaza e que, por veces, non encontra a súa vía para expresarse e ser escoitado.

Esta sección sindical, desde a responsabilidade que comporta sentirse unha desas poucas canles que aínda quedan para reclamar o que consideramos xusto e digno, para expresar a nosa vontade de vivir nun mundo mellor, e na medida das forzas que vós, coa vosa participación, nos outorguedes, seguiremos teimando na necesidade de modificar a reforma laboral, na necesidade de construír un modelo laboral en que prime o respecto e a dignidade, e dea prioridade ao traballo de calidade fronte á precariedade, a arbitrariedade e a usura duns poucos.

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación Enviar a ➡		3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:		
Domicilio			
Poboación	C.P.:		
Cta. de cargo			
		DNI	Data / /
Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.			

Outubro de 2010

Ficha de afiliación

Enviar a ➡

0901-0105

Fecha.....

Nombre y apellidos

DNI correo electrónico

Dirección

Población

Código postal

Domiciliación bancaria:

Entidad ____ Oficina ____ DC ____ Cuenta ____

Firma:

PROTECCIÓN DE DATOS:

Tus datos serán incorporados a un fichero titularidad de CCOO integrado por los ficheros pertenecientes a la confederación o unión regional correspondiente según el lugar en que radique tu centro de trabajo, a la federación del sector al que pertenezca la empresa en la que trabajes, así como - en todo caso - a la CSCCOO. En siguiente URL puedes consultar los diferentes entes que componen CCOO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. La finalidad del tratamiento de tus datos por parte de todas ellas la constituye el mantenimiento de tu relación como afiliado, con las concretas finalidades establecidas en los estatutos. Además de lo indicado tus datos pueden ser empleados por CCOO para remitirte información sobre las actividades y acuerdos de colaboración que se establezcan con otras entidades. Siempre estarás informado en la web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) de dichos acuerdos y de los datos de dichas entidades. Puedes ejercitar tus derechos de acceso, rectificación, cancelación y, en su caso, oposición, enviando una solicitud por escrito acompañada de la fotocopia de tu D.N.I. dirigida a CSCCOO con domicilio sito en la C/ Fernández de la Hoz nº 12. 28010. Madrid. Deberá indicar siempre la referencia "PROTECCIÓN DE DATOS". Si tienes alguna duda al respecto puedes remitir un email a lopd@cco.es o llamar por teléfono al 917028077.